XUNTA DE GALICIA

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
IES de Pastoriza
Rúa do Lagarto, Esq. Furoca, s/n.
15140 Pastoriza. Arteixo (A Coruña).
Tlf:981 64 75 17 Fax:981 64 75 19

Plan de Convivencia

IES de Pastoriza

Índice do contido

1. Disposicións xerais....4
1.1 Normativa de referencia....4
1.2 Fins e principios informadores das normas sobre convivencia....4
2. Diagnóstico da convivencia no centro....5
2.1 Características do centro....5
2.2 Características da comunidade educativa....5
2.3 Situación da convivencia no centro....5
2.4 Actuacións desenvolvidas polo centro....6
3. Obxectivos do Plan de Convivencia....7
4. Normas de convivencia do centro....7
4.1 De ámbito xeral:....7
4.2 Relativas ao transporte escolar, entrada e saída do centro:....7
4.3 Na aula:....8
4.4 Nos tempos de lecer:....9
4.5 Faltas de asistencia, puntualidade e conduta:....9
4.6 Comunicación de incidencias e reclamacións:....9
4.7 Aspectos das normas de convivencia a ter en conta polo profesorado....10
4.8 Comunicación coas familias....10
5. Corrección das condutas contrarias á convivencia....11
5.1 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:....11
5.2 Condutas leves contrarias á convivencia:....12
5.3 Prescrición das condutas contrarias á convivencia:....13
5.4 Medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia....13
Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:....13
Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia....13
5.5 Graduación das medidas correctoras:....14
5.6 Prescrición das medidas correctoras:....14
5.7 Procedemento para a imposición das medidas correctoras:....14
condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:....14
condutas leves contrarias á convivencia:....15
5.8 Protocolo para solicitar unha mediación....15
5.9 Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores....15
6. Prevención e tratamento das situacións de acoso escolar....16
6.1 Protección integral das vítimas....16
6.2 Medidas para prevención, detección e tratamento do acoso escolar....16
7. Comisión de convivencia....17
7.1 Composición....17
7.2 Funcións da comisión de convivencia....17
7.3 Reunións da Comisión de Convivencia....17

8. Actividades para a consecución dos obxectivos....18
8.1 - Publicidade da normas....18
8.2 Promover a mediación entre iguais....18
8.3 Acollida ao alumnado incorporado tardiamente....19
8.4 Aula de convivencia....19
8.5 Formación do equipo de disciplina para avaliar, corrixir e sancionar condutas....20
8.6 Escola de Pais online....20
8.7 Reunión con profesores de nova incorporación....21
8.8 Acompañamento persoal ao alumnado conflitivo. Contratos de conduta....22
8.9 Elaboración e difusión de Campañas Escolares....22
8.10 Protocolos de absentismo e acoso escolar....23
9. Difusión do Plan de Convivencia....23
10. Seguimento e avaliación do Plan de Convivencia....23
ANEXO I: MEDIACIÓN ENTRE IGUAIS....24

1. Disposicións xerais

O Plan de convivencia do IES de Pastoriza pretende promover os procesos e as accións apropiadas á mellora da convivencia escolar.

Este Plan ten sido dialogado polos membros da Comisión de Convivencia e proposto á Dirección para o seu posterior diálogo, modificación e no seu caso aprobación por parte do Claustro e do Consello Escolar.

Corresponde a responsabilidade deste Plan á Dirección do Centro coa colaboración de toda a comunidade escolar.

O Plan de convivencia, debidamente actualizado, incorporarase á programación xeral anual.

1.1 Normativa de referencia.

A normativa de referencia será a Lei 4/2011 do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 136, 15/7/2011) así como o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG, 27/01/15).

1.2 Fins e principios informadores das normas sobre convivencia.

As normas sobre convivencia oriéntanse aos seguintes fins:

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.

g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

.

2. Diagnóstico da convivencia no centro

O IES de Pastoriza está situado na localidade de Pastoriza (Concello de Arteixo), rúa Lagarto esquina Furoca. A localidade está dentro da área de influencia metropolitana da Coruña, nunha zona de recepción de inmigración atraída pola actividade industrial e empresarial das empresas radicadas no concello.

2.1 Características do centro.

No centro impártense unicamente ensinos de ESO, tendo unha capacidade duns 480 alumnos repartidos en 16 unidades, con 4 liñas por nivel.

O horario lectivo é de luns a venres de 8:40 a 14:20, e de 16:30 a 18:10 as tardes do luns.

O IES foi posto en funcionamento en setembro de 2001.

2.2 Características da comunidade educativa.

A procedencia do alumnado vén dun ambiente suburbano e rural, constituída por unha poboación moi heteroxénea, onde se poden atopar:

- Familias con un ou varios dos membros con traballo fixo.
- Familias con graves problemas económicos con todos os membros en paro.
- Familias de emigrantes con problemas de integración, adaptación ou económicos.
- Familias desestruturadas.
- Familias de etnia xitana.

O claustro está formado por 32 profesores, a maioría con destino definitivo no centro dende hai bastantes cursos.

O persoal non docente está constituído por unha coidadora, unha auxiliar administrativa, dous conserxes, dúas limpadoras a xornada completa, e outra a media xornada.

2.3 Situación da convivencia no centro

A convivencia no centro mellorou significativamente dende os seus inicios, e na actualidade apenas se presentan conflitos de gravidade. A maioría das faltas de conduta son de tipo leve, producíndose habitualmente nos cursos de 1º e 2º de ESO.

Os tipos de faltas de conduta mais frecuentes son:

- Condutas disruptivas na aula.
- Falta de material para o desenvolvemento das clases.
- Falta de seguimento das indicacións do profesorado.

Faise un seguimento especial ao alumnado con condutas disruptivas, identificando os problemas e buscando solucións coa colaboración do departamento de Orientación. A tal fin está programada unha reunión da comisión de disciplina todas as semanas, coa participación do equipo directivo, a orientadora e o coordinador de convivencia.

2.4 Actuacións desenvolvidas polo centro

Os conflitos son tratados en primeiro lugar mediante o diálogo na titoría, tanto co grupo de clase como cos pais/nais ou titores legais.

O departamento de Orientación e a Xefatura de estudos desenvolven traballos de escoita, diálogo e mediación co alumnado propenso a expor conflitos.

O coordinador de convivencia impulsa a figura do mediador para a resolución de conflitos, segundo modelos de contrato de conduta e posta en común a través do diálogo de solucións que satisfagan ás partes en conflito.

Posta en marcha da Aula de Convivencia coa vocación de acoller ao alumnado expulsado da aula con apoio e atención específica que permitan reincorporar ao alumnado á aula no menor tempo posible, sen interromper o seu proceso formativo.

3. Obxectivos do Plan de Convivencia

Os obxectivos do Plan de Convivencia son os seguintes:

1. Garantir un clima de convivencia de respecto mutuo que faga posible acadar os fins educativos.
2. A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos entre homes e mulleres e na non discriminación das persoas.
3. A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar.
4. O recoñecemento ao profesorado das facultades precisas para previr e corrixir as codutas contrarias á convivencia.
5. A corresponsabilidade das familias no mantemento da convivencia no centro escolar.
6. Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, atitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
7. Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade.
8. A promoción da importancia da convivencia como parte fundamental do desenvolvemento persoal e social do alumnado.

4. Normas de convivencia do centro

O conxunto de normas de convivencia do centro están recollidas nas NOFC. De seguido vai un extracto das normas específicas que afectan ao alumnado, tendo en conta que o documento de referencia é o NOFC.

4.1 De ámbito xeral:

- No recinto do centro e durante a xornada lectiva non poderán permanecer nel persoas alleas non autorizadas pola Dirección.
- Os pais/nais/titores legais que accedan ao centro farano dende a entrada principal e comunicaranllo ao conserxe.
- Está expresamente prohibido consumir alcohol ou calquera tipo de drogas, vir ao centro baixo o seu efecto, fumar e portar calquera tipo de obxeto perigoso, así como a publicidade ou propaganda alusiva a estes temas.
- O alumnado ten prohibido o uso de teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico como mecanismo de comunicación durante os periodos lectivos (tempo de lecer incluído). Os dispositivos estarán sempre en calquera caso apagados e gardados.
- A vestimenta do alumnado non impedirá ou dificultará a normal participación nas actividades educativas, nin atentará contra a dignidade ou suporá un risco para a saúde ou integridade persoal de calquera dos membros da comunidade educativa.

4.2 Relativas ao transporte escolar, entrada e saída do centro:

- Seguiranse sempre as indicacións do condutor ou condutora. As actitudes improcedentes serán motivo de sanción.

- O alumnado non poderá cambiar a liña de autobús asignada sen autorización expresa da Dirección, que o notificará aos responsables do servizo de transporte.
- O alumnado inscrito ao servizo de transporte que non vaia facer uso do mesmo notificarao á Dirección do centro.
- Nada mais baixar do autobús o alumnado entrará no recinto do centro, quedando baixo a custodia do profesorado de garda. Non está permitida a permanencia fora do recinto do centro.
- O alumnado non accederá ao interior do centro antes de que toque o timbre de inicio das clases, agás á cafetería.
- Unha vez que o alumnado entre no centro irá directamente á aula que lle corresponda, non está permitido permanecer nos corredores.
- O alumnado só poderá abandonar o recinto escolar acompañado do seu pai/nai/titor legal ou calquera outra persoa autorizada previamente ao formalizar a matrícula, que de antemán cubrirá a solicitude de saída en conserxería.

4.3 Na aula:

- Durante os períodos lectivos o alumnado deberá de permanecer no interior da aula, non estando permitido saír ou permanecer nos corredores.
- Non está permitido sair da aula nos cambios de clase, agás que se teña que ir a unha aula específica.
- Non se poderán utilizar os baños durante os períodos lectivos, agás causas de forza maior e co permiso do profesor.
- O pupitre deberá quedar recollido e o material gardado nas taquillas en caso de ter que cambiar de clase.
- Durante a realización de exames, controis ou outro tipo de probas non está permitido saír da aula ata o remate da clase.
- O alumnado será responsable solidario dos desperfectos que se produzan nas instalacións e no material da aula.
- As aulas que presenten un estado de suciedade imputable a un uso indebido das mesmas serán limpadas polo alumnado, a indicación do profesorado, titor ou equipo directivo.
- Non está permitido consumir comida, bebida ou masticables nas aulas.
- O alumnado deberá de traer o material necesario para o desenvolvemento das clases.
- En caso de falta do profesor, o alumnado permanecerán na aula e serán atendidos polo profesorado de garda, debendo de realizar as tarefas que lles sexan encomendadas.
- No caso de falta de puntualidade, o alumnado deberá explicar o motivo ao profesor no momento de acceder a aula.

4.4 Nos tempos de lecer:

- As aulas quedarán pechadas durante os periodos de lecer. Non se poderá permanecer nelas agás na compañia dun profesor.
- O alumnado poderá acceder á biblioteca, á cafetería, aos chanzos do patio, ás pistas deportivas e aos espazos do centro nos que se realicen actividades supervisadas por un profesor. Os corredores só se poderán utilizar para acceder aos espazos permitidos, non para permanecer neles.
- Está permitido comer e beber únicamente na cafetería e no patio.
- Os servizos da cafetería permanecerán pechados, terase que pedir a chave ao encargado da cafetería para poder usalos.
- Os servizos da planta baixa poderán ser usados durante os tempos de lecer.
- O alumnado poderá facer as fotocopias que precise durante os períodos de lecer na conserxería.

4.5 Faltas de asistencia, puntualidade e conduta:

- As faltas de asistencia, puntualidade e conduta serán rexistradas por cada profesor a través do programa SIXA.
- Os xustificantes de faltas de asistencia serán remitidos aos titores por parte do pai/nai/titor legal a través do alumnado no prazo dunha semana dende a súa recepción.
- O alumnado que chegue tarde ao centro ou saia antes da hora acompañado deberá pasar por conserxería para ser anotado no rexistro.
- As faltas de asistencia que resulten do exercicio do dereito de reunión ou asamblea do alumnado a partir de 3º curso da ESO non serán obxeto de sanción, pero non poderán ter a consideración de faltas xustificadas.
- Enviarase un resumo semanal das faltas de asistencia, puntualidade e conduta a través do correo electrónico para aquelas familias que así o desexen. De non dispor deste tipo de comunicación, remitirase un informe mensual ás familias a través do alumnado, para ser devolto coa sinatura do pai/nai/titor legal.
- Se o número de faltas de asistencia supera o 10% de horas lectivas mensuais iniciarase o protocolo de absentismo. O programa SIXA indica este feito a titores e xefatura de estudos.
- En caso de falta de conduta, remitirase notificación por escrito a través do alumnado para ser asinada polo pai/nai/titor legal e devolta ao titor ou xefatura de estudos.

4.6 Comunicación de incidencias e reclamacións:

- As incidencias do alunmado co profesorado tratarán de ser resoltas en primeira instancia entre ambas as partes. En caso de non haber acordo acudirase ao Titor. Se a incidencia non se resolve acudirase á Dirección. En última instancia sempre se poderá recorrer á Delegación de Educación.
- Os delegados de curso serán a canle para a comunicación de cada grupo coa Dirección.

- A xunta de delegados poderá reunirse cando o considere necesario previa solicitude con antelación mínima de 24 horas, tratando de non alterar as actividades e o funcionamento do centro, salvo causa xustificada.
- No remate de cada avaliación o alumnado recibirá do titor o boletín de notas cun resgardo que deberá ser devolto asinado polo pai/nai/titor legal ao día seguinte.
- Poderanse reclamar **cualificacións finais** no prazo de dous días, de forma individual e en primeira instancia ao profesor correspondente. En caso de non estar de acordo presentarase reclamación por escrito dirixida á Dirección do centro.

4.7 Aspectos das normas de convivencia a ter en conta polo profesorado

A responsabilidade do control do alumnado correspóndelle ao profesorado, tendo consideración legal de autoridade pública no exercicio das súas funcións, polo que goza de protección xurídica recoñecida a tal efecto. En concreto:

- O profesorado é responsable da súa clase mentres exerza a súa función nela. Rexistrará as ausencias e notificará as incidencias.
- O profesorado de garda de clase é responsable da orde no centro mentres dure o seu período de garda. Vixiará os corredores, especialmente durante os cambios de clase, e cubrirá as ausencias do profesorado, tendo neste caso as mesmas obrigas que as do compañeiro ausente na clase. Farase cargo do alumnado expulsado na Aula de Convivencia.
- O profesorado de garda de recreo é responsable da orde no interior e no exterior do edificio durante os periodos de lecer.
- O profesorado titor é responsable da xestión do control das faltas de asistencia, en especial da detección dos casos de absentismo, así como da xustificación das faltas de asistencia e da comunicación coas familias.

Nas NOFC especificanse os procedemntos para o rexistro de faltas, a súa xustificación e as formas de comunicación coas familias, así como o protocolo de tratamento do absentismo escolar.

4.8 Comunicación coas familias

As incidencias do alunmado serán comunicadas ás familias segundo os procedementos e medios indicados nas NOFC.

Os titores serán os responsables da comunicación coas familias, coa axuda da xefatura de estudos no caso preciso.

5. Corrección das condutas contrarias á convivencia.

Considéranse condutas contrarias ás normas de convivencia, tipificadas coma faltas, todas aquelas que vaian en contra das normas de convivencia realizadas dentro do recinto escolar ou durante o transporte escolar ou desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.

Poderanse corrixir disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a compañeiros ou outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar.

Así mesmo, poderanse corrixir disciplinariamente as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexion coa actividade escolar.

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, ás instalacións e aos materiais do centro docente, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en:

- condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
- condutas leves contrarias á convivencia.

Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

5.1 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, convicción políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por neglixencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos cando se é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

5.2 Condutas leves contrarias á convivencia:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos, os actos inxustificados e as actuacións prexudiciais descritas no apartado anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, establecendo coma referencia un límite de 3 faltas por materia nun mes.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas especificadas nas normas de convivencia do centro.

5.3 Prescrición das condutas contrarias á convivencia:

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

5.4 Medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

5.5 Graduación das medidas correctoras:

Para a graduación das medidas correctoras tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

5.6 Prescrición das medidas correctoras:

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben ao ano.

As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

5.7 Procedemento para a imposición das medidas correctoras:

condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación dun expediente disciplinario, que poderá ser realizado mediante dous tipos de procedementos diferentes:

- conciliado: mediante a intervención dun mediador que axude ás partes a chegar a un acordo satisfactorio. Utilizarase sobre todo como estratexia preventiva na resolución de conflitos.

- común. Incoación dun expediente disciplinario segundo a normativa vixente.

No apartado 7.8 (instrución dos expedientes disciplinarios) das NOFC descríbense con detalle as características de ambos tipos de procedemento.

condutas leves contrarias á convivencia:

A imposición das medidas poderá levala a cabo o profesorado do alumnado correspondente, a titora ou titor, a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a dirección do centro.

A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno, así como a Comisión da Convivencia Escolar do centro.

5.8 Protocolo para solicitar unha mediación.

Cando un alumno ou alumna teña un conflito con outro compañeiro poderá solicitar unha mediación para a súa solución de xeito dialogado.

Os pasos a seguir son os seguintes:

1. calqueira das persoas implicadas nun conflito poderá dirixirse ao titor, xefe de estudos ou responsable da convivencia para solicitar a mediación.
2. Tras coñecer o conflito, o responsable da convivencia seleccionará a un ou dous mediadores que considere axeitados para levala a cabo.
3. O mediador acompañará ao alumnado á Aula de Convivencia ou calquera outro espazo indicado para prodecer a unha reunión.
4. Os mediadores recollerán por escrito os acordos tomados por ambas as partes, asinando o documento todas as persoas implicadas na mediación. (Modelo descrito no Anexo I).
5. O documento será entregado ao coordinador de Convivencia.
6. Este último valorará a mediación na reunión semanal da Comisión de Disciplina.

5.9 Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores.

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

6. Prevención e tratamento das situacións de acoso escolar.

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

6.1 Protección integral das vítimas

A dirección dos centros docentes así como a Administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

6.2 Medidas para prevención, detección e tratamento do acoso escolar

Están previstas as seguntes medidas:

a) Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar.

b) Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.

c) Estableceranse medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. Designarase pola dirección do centro unha persoa responsable da atención á vítima.

d) Nos supostos menos graves favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro.

Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.

As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

7. Comisión de convivencia

7.1 Composición

A Comisión de Convivencia formada no Consello Escolar está formada polo director, que exercerá a presidencia, o xefe de estudos, dous representantes do alumnado, dous representantes de pais e nais e dous representantes do profesorado, todos eles pertencentes ao Consello Escolar e escollidos por cada un dos sectores.

7.2 Funcións da comisión de convivencia

a) Canalizar as iniciativas dos sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia e o respecto mutuo, así como promover a cultura de paz e resolución pacífica dos conflitos.

b) Adoptar medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos dos membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas.

c) Desenvolver iniciativas que eviten a discriminación, establecendo plans que posibiliten a integración.

d) Mediar nos conflitos expostos.

e) Coñecer e valorar o cumprimento das correccións e medidas disciplinarias impostas.

f) Propoñer as medidas oportunas para mellorar a convivencia.

g) Informar ao Consello Escolar, polo menos dúas veces no curso, das actuacións realizadas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

7.3 Reunións da Comisión de Convivencia

Reunirase unha vez ao trimestre con carácter ordinario e, con carácter extraordinario, cada vez que o solicite un dos sectores que a compón.

8. Actividades para a consecución dos obxectivos

8.1 - Publicidade da normas

Ao comezo do Curso entregaránselle a todo o alumnado e ás familias estas Normas para o seu coñecemento.

8.2 Promover a mediación entre iguais

Formación de mediadores escolares.

Fundamentación:

Os conflitos, desacordos, intereses encontrados, pódense superar coa axuda dunha terceira persoa imparcial, encontrando solucións que nacendo da posta en común e o diálogo satisfagan as dúas partes e reduzan os efectos negativos do conflitos.

Obxectivos:

- Axudar a resolver conflitos nos que as partes esgotaron as posibilidades de resolvelos por si mesmos.
- Capacitar aos participantes nas habilidades sociais e recoñecemento e regulación das emocións, afectos, sentimentos como instrumentos que lles permitan o exercicio da mediación en situacións de conflito.
- Proporcionar técnicas comunicativas para a xestión positiva dos conflitos: escoita activa, empatizar, parafrasear, preguntar, resumir, clarificar

Condicións para realizar esta mediación:

- Convite de profesor, titor ou Xefe de Estudos.
- Voluntariedade por parte do alumnado implicado.
- Aceptación libre dos mediadores
- Confidencialidade do proceso.
- Compromiso de asumir as conclusións.
- Formación de mediadores escolares
- Destinatarios: Alumnado de Terceiro e Cuarto.
- Selección dos voluntarios
- Curso de formación

Temporalización:

- Curso de formación en Outubro.

Responsable:

- Coordinador da Convivencia e Orientación Escolar.

8.3 Acollida ao alumnado incorporado tardiamente

Obxectivo:

- Axudar a superar ao alumnado as dificultades iniciais
- Integralo na marcha do curso

Duración:

- A primeira semana da súa incorporación

Responsables:

- Xefatura de estudos:
    - Dilixencias en Secretaría: matrícula
    - Xestionar o transporte escolar
    - Poñelo en contacto coa ANPA
    - Proporcionar a normativa da vida escolar
    - Presentación ao seu titor/a Titor/a
    - Acollelo/a, a ser posible cos seus pais, indicando horario de titoría e relación titor/pais:
    - comunicacións asistencia, conduta...
    - Presentalo/a aos compañeiros/as e aos profesores
    - Facilitar o horario e o material de aula. Delegado de clase:
    - Acompañalo nos cambios de clase e nos desdobres.
- Mediador escolar (determinado pola responsable da mediación)
    - Acompañalo/a no coñecemento dos lugares comúns: Cafetaría, Biblioteca, Informática...
    - Presentalo aos responsables das actividades de lecer.
    - Taller de lectura
    - Obradoiro de fotografía, Taller de informática, Radio Furoca...

- Alumnado non galego ou castelán falante: un mediador da súa lingua acompañaraos ao principio.

8.4 Aula de convivencia

Natureza:

- Para o alumnado excluído de clase de forma esporádica ou con expulsións dun ou mais días.

Finalidade:

- Esixir a realización das tarefas encomendadas.
- Evitar o deterioro do traballo na aula.
- Ocuparse do alumnado con condutas conflitivas

Encomendada a:

- Profesorado de garda

Funcionamento:

- O alumnado expulsado tería que traer material para traballar.
- As actividades encomendadas entregarállas ao profesor que expulsa.
- Ao rematar a hora-horas o profesor de garda realiza un informe de seguimento:
  - Alumno - hora- procedencia - profesor de garda – comportamento.

8.5 Formación do equipo de disciplina para avaliar, corrixir e sancionar condutas

Obxectivo:

- Seguimento da conflitividade no Centro e propostas de sanción.
- Detectar conflitos

Integrado por:

- Dirección. Xefatura de Estudos, Orientadora e coordinador da Convivencia.
- Nalgúns casos é necesaria a presenza do titor-a, así como do Delegado/as

Funcionamento:

- Reunión semanal
- Análise dos partes de conduta e proposta de sanción.
- Utilizar todos os recursos previstos no NOFC para corrixir condutas.
- Comunicación aos titores das resolucións tomadas.
- En caso de apercibimento, expulsión ou incoación de expediente, comunicación aos pais ou titores legais.

8.6 Escola de Pais online

Finalidade:

- Fomentar a colaboración entre o Centro e as familias.

- Informar aos pais de familia sobre aspectos que lles permitan previr e atender de xeito oportuno e axeitado calquera problemática dos seus fillos adolescentes.
- Proporcionar aos pais recursos para unha mellor educación social e académica dos seus fillos.

Responsable:

Ao comezo do curso determinarase o profesor que, en colaboración coa ANPA, levará adiante esta Escola.

Información e convocatoria:

- Entregarase a todo o alumnado o tríptico coa motivación, o tema e os aspectos concretos de horario, lugar,…
- Publicarase na páxina web do Centro.

Dinámica:

- Dúas reunións ao trimestre

8.7 Reunión con profesores de nova incorporación

Obxectivos:

- Facilitarlles a integración no Centro.
- Motivalos para participar nas actividades programadas.

Contido:

- Presentación do Centro
- Características do Centro:
  - Sociais
  - Académicas (Bilingües)
- Proxecto Arteixo Innovación
- Repetidores e fracaso escolar
- Disciplinares
- Entrega das NOFC
- Criterios de actuación
- Medidas correctoras: aula
- Organizativas
- Comisión de Convivencia...
- Actividades musicais, deportivas, de prensa, de radio...
- Fotocopias, teléfono...

- Posibilidade de visita guiada ao Centro, se o desexan.

Responsable:

- O equipo directivo.

8.8 Acompañamento persoal ao alumnado conflitivo. Contratos de conduta

Obxectivo:

- Que o alumnado con condutas contrarias á convivencia reflexione sobre esta, inicie un proceso de cambio e de mellora a través do acompañamento, o diálogo e o acordo escrito sobre puntos concretos de conduta.
- Que o alumnado reflexione sobre as consecuencias da súa conduta e el mesmo propoña accións concretas para iniciar un cambio.

Dinámica:

- Proposta de acompañamento (Xefatura de Estudos).
- Comunicación e aceptación do interesado e do acompañante.
- Recoller información sobre o alumnado que hai que acompañar: rendemento académico, comportamento habitual, etc
- Encontro - diálogo - reflexión - acordo co acompañante.
- Elaboración e aceptación de compromisos explícitos.
- Aceptación do documento que constitúe o contrato.
- Establecer fórmulas de seguimento e avaliación.

Responsables – colaboradores:

- Profesores que desexen realizar este labor en horario de garda (computándose esta actuación como unha hora de garda).

8.9 Elaboración e difusión de Campañas Escolares

Obxectivo:

- Difundir a través de Radio Furoca Campañas elaboradas polo alumnado e profesores para motivar a adoptar actitudes conducentes a unha mellor convivencia.

Metodoloxía:

- Diálogo co alumnado sobre distintos aspectos deficientes da convivencia: insultos, abusos...
- Propostas para superar as deficiencias
- Elaboración das Campañas
- Gravación, edición e difusión por Radio Furoca.

8.10 Protocolos de absentismo e acoso escolar

O protocolo de absentismo que seguiremos é o que se aprobou de forma conxunta por todos os centros educativos do Concello de Arteixo.

No apartado 7.12 das NOFC descríbese con detalle o protocolo de absentismo.

Unha vez iniciado o expediente de absentismo farase un seguimento periódico da evolución do mesmo, estando previstas reunións a tal efecto co responsable do departamento de Asuntos Sociais do Concello de Arteixo.

O protocolo de acoso escolar é o que marca a lexislación vixente:

- http://www.edu.xunta.es/web/node/9694

Ademais, pódese acceder ao documento do citado protocolo ao completo, así como aos anexos que o complementan no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitarina dende a seguinte dirección:

- http://www.edu.xunta.es/web/node/9678

9. Difusión do Plan de Convivencia

O plan de convivencia poderase consultar na páxina web. Unha copia escrita permanecerá en Xefatura de Estudos a disposición de calquera membro da comunidade educativa para a súa consulta.

En particular, contribuirán á difusión do Plan de Convivencia:

- Os titores: na reunión inicial de principio de curso con Xefatura e Orientación serán informados do plan e dos protocolos de actuación máis usuais.
- O profesorado: en sesión de claustro o equipo directivo informará dos aspectos mais relevantes do Plan de Convivencia.
- O alumnado: nas reunións iniciais co titor do seu grupo serán informados por éste último.
- Os pais e nais: serán informados na reunión que habitualmente se celebra a principio de curso.

10. Seguimento e avaliación do Plan de Convivencia

A Comisión de Convivencia realizará o seguimento e avaliación do Plan con periodicidade trimestral, elaborando un informe que inclúa o acontecido en materia de convivencia, as actuacións e actividades realizadas, a súa valoración e as propostas para o período seguinte.

O Consello Escolar participará no seguimento coa análise dos informes realizados pola Comisión.

Unha copia de cada informe, xunto coas conclusións do seu estudo polo Consello Escolar, será enviada á Inspección Educativa.

ANEXO I: MEDIACIÓN ENTRE IGUAIS

Alumnado implicado no conflito:
……
……
……
…….....

MEDIADOR/ES:

DESCRICIÓN DO CONFLITO

……
……
……
……
……
……
…….
.

ACORDOS ADOPTADOS

Pastoriza, de de 20

ASDO: